

*Quero ser
investigadora*

Universidade de Vigo

5

**Laura
Salonen**

QUERO SER INVESTIGADORA 5 | Laura Salonen

Edición

Unidade de Cultura Científica e
da Innovación da Universidade de Vigo

Dirección

Mónica Valderrama Santomé

Revisión lingüística

Área de Normalización Lingüística
Eva María Castro Figueiras
María Cristina Rodríguez Ricart

Impresión

Tórculo Artes Gráficas
Vigo, 2025

D.L

VG 291-2025

ISBN

978-84-1188-063-3

Autora das fotografías

Charo Lopes

© Universidade de Vigo

Coa colaboración da Fundación Española
para a Ciencia e a Tecnoloxía (FECYT),
Ministerio de Ciencia, Innovación e
Universidades

Laura Salonen

Laura é unha investigadora finlandesa que traballa no Centro de Investigación en Nanomateriais e Biomedicina (CINBIO) da Universidade de Vigo.

O seu obxectivo é mellorar materiais para facer tecnoloxías máis limpas e sostibles. Hoxe falamos con ela para saber máis sobre o seu traballo e motivacións.

De nena xa querías ser científica?

Non tiña claro que quería ser de maior.

Gustábanme os idiomas porque a miña nai era profesora, pero tamén me interesaban a química, a bioloxía e a psicoloxía.

Na miña familia ninguén era científico, pero a miña nai interesábase pola ciencia e ensinoume moitas cousas.

Facíamos actividades na casa e, sen me decatar, eu aprendía e divertíame ao mesmo tempo.

Logo, na universidade, descubrín que a química me fascinaba e decidín ser investigadora.

Se non foses científica, que farías?

Gustaríame escribir, porque no meu traballo xa escribo moito: artigos, proxectos, informes...

Que son os materiais porosos?

Son materiais moi pequenos, con buratos diminutos, como unha colmea de abellas.

Estes buratos fan que o material actúe como unha esponxa, podendo absorber e filtrar substancias. Son moi útiles para a ciencia e a tecnoloxía.

Cómo impacta o teu traballo no mundo?

No noso equipo investigamos novos materiais que poden axudar a reducir a contaminación, a producir enerxía limpa e a mellorar tecnoloxías sostibles.

A nosa investigación non sempre ten resultados inmediatos, pero axuda a crear solucións para o futuro.

Cales serán os próximos grandes avances en **nanomateriais**?

Os **nanomateriais** axudarán a mellorar a sustentabilidade do planeta. Serán clave en enerxías limpas, tratamento de auga e redución da contaminación.

Por que os nanomateriais son importantes para o medio ambiente?

Axudan a capturar contaminantes, mellorar a calidade do aire e reducir a pegada de carbono. Ademais, permiten producir enerxía limpa de maneira máis eficiente e sustentable.

Nanomaterial

E un material feito de partes moi, moi pequenas, tan pequenas que non se poden ver.

Como son tan diminutas, poden facer que o material sexa máis forte, lixeiro ou teña novas propiedades.

Os nanomateriais úsanse en moitas cousas, como:

- medicinas
- pantallas de móbiles e
- cremas solares.



En que proxecto estás traballando agora?

Traballamos nun proxecto que quere converter o **dióxido de carbono**, noutra substancia usada na fabricación de plástico. O obxectivo é facelo dunha forma sostible e respectuosa co medio ambiente

Que tipo de música escoitas para traballar?

Encántame a banda sonora da película “O Señor dos Aneis”. Axúdame a concentrarme e a ser máis creativa. É o meu segredo para traballar mellor!



Dióxido de Carbono (CO₂)

É un gas que está no aire. Non ten cor nin cheiro. Os humanos e os animais producímolo ao respirar, e as plantas necesítano para vivir.

O CO₂ tamén se xera ao queimar leña, carbón, petróleo ou gas. Este gas acumúlase e fai que a Terra sexa máis cálida, provocando o cambio climático. Por iso, é importante reducir a súa emisión e oídar o planeta.

UniversidadeVigo

Unidade de Cultura Científica
e da Innovación (UCC+i)

Vicerreitoría de Comunicación
e Relacións Institucionais

Coa colaboración de:



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE CIENCIA, INNOVACIÓN
Y UNIVERSIDADES

